

ACTA SESIÓN ORDINARIA DA ASEMBLEA XERAL DO COLEXIO OFICIAL DE PROTÉSICOS DENTAIS DE GALICIA (C.O.P.D.G.) CELEBRADA O TRES DE MARZO DE DOUS MIL DEZAOITO.-

Nº 1/2018

Santiago de Compostela, 3 de marzo de 2018

No Salón de actos do Hotel Tryp Santiago, sito na rúa do Restollal nº 24, de Santiago de Compostela, sendo as 10:30 horas do día da data, co fin de celebrar Sesión Ordinaria da Asemblea Xeral do Colexio Oficial de Protésicos Dentais de Galicia, en segunda convocatoria, os señores colexiados expresados a continuación, baixo a Presidencia de D. Avelino J. Sanmartín Caamaño, procede a abrir o Acto para deliberar, e no seu caso adoptar acordos sobre os puntos incluídos no seguinte:

ORDE DO DÍA

1º.- Lectura e aprobación, se procede, da acta da sesión anterior:

- Sesión Ordinaria nº 1/2017, de 14 de xaneiro.

2º.- Informe de Xestión da Xunta de Goberno das actuacións levadas a cabo no ano 2017.

3º.- Aprobación, se procede, da Conta Xeral de 2017.

4º.- Aprobación, se procede, do proxecto de presuposto de 2018 e das Bases de Execución.

5º.- Aprobación, se procede, de prorrogar o mandato realizado pola Asemblea deste Colexio, de non abonar cantidade algunha ao Consello Xeral mentres non se resolvan os procedementos iniciados e se determine a cantidade que se debe abonar ao mesmo.

6º.- Rogos e preguntas.

ASISTENTES:

PRESIDENTE: D. Avelino J. Sanmartín Caamaño

SECRETARIO: D. José Ramón Rey Álvarez

TESOUREIRO: José Antonio Casal Cid

POÑENTE DE CULTURA: María Marta Rodríguez González

VOCAL: D^a. M^a Alicia Rodríguez Díaz

VOCAL: D^a. Belén Martínez Troncoso

VOCAL: D. José Caamaño Martínez

AUSENCIAS XUSTIFICADAS

VICEPRESIDENTE: D. Miguel Anxo Rodríguez Ramos

VOCAL: José María Casais Castreje

COLEXIADOS:

D. José Antonio Calvo Díaz (nº 32)

D. Pablo Ripoll Cabello (nº 50)

D. Alberto Jiménez Pereira (nº 94)

D. José Barcia Rodríguez (nº 165)

D. María Jesús Feijoo Villanueva (nº 194)

D. Manuel Enrique Delgado López (nº 196)

D. Luis Antonio Álvarez Rodríguez (nº 243)

D^a. Luz Leyenda Rial (nº 515)

D^a. Elena Segade Queiruga (nº 525)

D. Inmaculada Sarabia García (nº 590)

HORA DE INICIO: 10:30 horas

HORA DE REMATE: 13:10 horas

Antes de iniciar o debate, e deliberación sobre os asuntos incluídos na Orde do día o Sr. Presidente intervéñ para saudar a todos os colexiados asistentes e agradecer a súa presenza.

Así mesmo, engade que antes de entrare n detalle sobre os puntos da orde do día, propón aos asistentes que o segundo punto deste, referente ao informe de xestión , se pase ao punto quinto antes de entrar en rogos e preguntas.

Sometido a votación, apróbbase por unanimidade dos presentes a modificación da orde dos puntos da orde do día sinalada.

A continuación, logo de comprobación polo Sr. Secretario do quórum de asistencia e do número de votos que representa a maioría simple, (sobre un total de 17 asistentes no momento do inicio da sesión), comézase coa resolución dos asuntos incluídos na Orde do día.

1º.- LECTURA E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR: SESIÓN EXTRAORDINARIA Nº 1/2017, DE 14 DE XANEIRO.

Tendo todos os asistentes borrador da copia da acta da sesión anterior remitidas na convocatoria, procédese á súa lectura.

Preguntados polo Sr. Presidente se hai algunha rectificación ou modificación que realizar e someter, non sendo formulada modificación ou rectificación adicional ningunha, sométese a votación a acta quedando esta aprobada por unanimidade dos membros presentes na anterior Asemblea.

3º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA CONTA XERAL DE 2017.

Polo Sr. Presidente dáse conta da Conta Xeral correspondente ao exercicio de 2017, cuxo contido literal é o seguinte:

INGRESOS

O importe dos ingresos realizados ascende a 132.955,44 € o que representa un grao de execución sobre as previsións iniciais orzamentadas (124.500,00 €) do 106,79 % acumulado.

GASTOS

Os gastos realizados ascenden a 117.808,19 € que sobre os créditos iniciais do Orzamento (123.518,00 €) representan o 95,38 % acumulado.

Como se pode observar sobrepasouse positivamente o presuposto estimado nos ingresos e non se chegou ao presuposto estimado nos gastos. A diferenza entre unha e outra cantidade arroxa un superávit no exercicio de 2017 de **15.147,25 euros**.

A data de 31 de decembro de 2017 o importe recibos devoltos ascendeu a 6.040,00 €.

Neste senso debemos facer mención tamén á rebaixa do número de recibos devoltos en comparación co ano anterior, pasando de 376 recibos devoltos en 2016, fronte a 208 recibos devoltos en 2017, e rebaixando a cantidade de recibos devoltos de 8.480,00 euros a 6.040,00 euros.

O total dos saldos debedores en concepto de cotas colexiais ascende a **30.982,55 euros**.

A día de hoxe a débeda está reclamada na súa totalidade, pero debemos engadir que do total da débeda reclamada, hai unha parte que non se poderá reclamar ao cesar o colexiado na actividade, e tendo correctamente xustificado dito cese, condonando en consecuencia esa cantidade.

Os saldos no Banco Santander a data de 31 de decembro de 2017 ascenden a 10.057,55 euros.

Os saldos no Banco Sabadell a data de 15 de decembro de 2016 ascenden a 11,41 euros.

Deseguido, por parte do Sr. Presidente sométese a votación a conta Xeral do ano 2017, por unanimidade dos presentes adóptase o seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO: *A aprobación da Conta Xeral correspondente ao exercicio de 2017.*

4º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PROXECTO DE PRESUPOSTO DE 2.018 E DAS BASES DE EXECUCIÓN.

Polo Sr. Presidente pásase a dar explicación sobre o proxecto de presuposto do 2018, cuxo contido é o seguinte:

	GASTOS	PRESUPUESTO 2018
O.G	Atenciones protocolarias	6.600,00
	Telefonia	1.370,00
	Prima seguro poliza R.C.	1.110,00
	Transportes	1.600,00
	Locales para Sesiones	150,00
	Material S.Ordinario non inv.	50,00
	Dietas cargos electos	3.000,00
ADMON.GRAL	Contrato secretaria técnica	78.050,00
	Reclamaciones jurídicas: notaria, procuradores	10.020,00
	Prima seguro poliza R.C. colegiados	8.650,00
	Correos morosos y Administracion general	1.850,00
	I.sociedades	2.270,00
	Material oficina no inventariable	570,00
	Gastos de Gestión y mantenimiento de cuentas	210,00
	Servicios de recaudacion recibos	130,00
CULTURA	Fondo bibliografico y documental	900,00
	Mantenimiento anual de la página web	2.390,00
	Organización cursos e día protesico	9.762,00
	Arrendamiento locales sesiones de cultura	3.600,00
	Atenciones protocolarias y de representacion	900,00
	Pago Conferenciantes	718,00
	Publicidad y propaganda, Doga y otros cursos	200,00
	Suministros material no inventariable cursos	200,00

RESUMEN PRESUPUESTO EJECUCION ESTADO DE GASTOS		AÑO 2018
111	Organos de Gobierno	13.880,00
121	Administracion general	101.750,00
451	Promocion y difusion de la cultura	18.670,00
TOTAL GASTOS		134.300,00

CTA	INGRESOS	PRESUPUESTO 2018
700100	Cuotas colegiales periodicas	122.000,00
700200	cuotas colegiales por altas (3 ejercientes, 4 n.e.)	1.700,00
705100	Ingresos por prestación de actividades	600,00
740100	Subvenciones públicas	10.000,00

TOTAL INGRESOS		134.300,00
-----------------------	--	-------------------

	GASTOS	PRESUPUESTO 2017
O.G	Atenciones protocolarias	5.600,00
	Telefonia	1.370,00
	Prima seguro poliza R.C.	1.110,00
	Transportes	1.600,00
	Locales para Sesiones	150,00

	Material S.Ordinario non inv.	50,00
	Dietas cargos electos	4.000,00
ADMON.GRAL	Contrato secretaria técnica	78.050,00
	Reclamaciones jurídicas: notaria, procuradores	10.250,00
	Prima seguro poliza R.C. colegiados	8.650,00
	Correos morosos y Administracion general	1.850,00
	I.sociedades	1.650,00
	Material oficina no inventariable	570,00
	gastos de Gestión y mantenimiento de cuentas	210,00
	Servicios de recaudacion recibos	130,00
CULTURA	Fondo bibliografico y documental	900,00
	Mantenimiento anual de la página web	2.390,00
	Organización cursos e día protesico	2.370,00
	Arrendamiento locales sesiones de cultura	600,00
	Atenciones protocolarias y de representacion	900,00
	Pago Conferenciantes	718,00
	Publicidad y propaganda, Doga y otros cursos	200,00
	Suministros material no inventariable cursos	200,00

RESUMEN PRESUPUESTO EJECUCION ESTADO DE GASTOS		AÑO 2017
111	Organos de Gobierno	13.880,00
121	Administracion general	101.360,00
451	Promocion y difusion de la cultura	8.278,00
TOTAL GASTOS		123.518,00

CTA	INGRESOS	PRESUPUESTO 2017
700100	Cuotas colegiales periodicas	111.800,00
700200	cuotas colegiales por altas (3 ejercientes, 4 n.e.)	1.800,00
705100	Ingresos por prestación de actividades	600,00
740100	Subvenciones públicas	10.300,00
TOTAL INGRESOS		124.500,00

En relación ao presuposto para o exercicio 2018, infórmase de que hai un reaxuste e variación en relación ao ano 2017, en virtude da estimación tanto de ingresos come de gastos debido á celebración do Congreso que pode ter lugar a finais de 2018.

Detállase polo Sr. Presidente as distintas partidas relacionadas e indicadas no presuposto en cuestión.

Así en canto ás Bases de Execución expóñense aos presentes as bases de execución para o exercicio de 2018.

Por parte do Sr. Presidente sométense a votación o proxecto de presuposto para o ano 2018 e as súas bases de execución, adoptándose por unanimidade dos membros presentes o seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO: A aprobación do presuposto colexial para o exercicio 2018.

SEGUNDO: A aprobación das Bases de Execución para o ano 2018.

5º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE PRORROGAR O MANDATO REALIZADO POLA ASEMBLEA DESTE COLEXIO, DE NON ABONAR CANTIDADE ALGUNHA AO CONSELLO XERAL MENTRES NON SE RESOLVAN OS PROCEDEMENTOS INICIADOS E SE DETERMINE A CANTIDADE QUE SE DEBE ABONAR AO MESMO.

Polo Sr. Presidente infórmase de que hai unha sentenza ditada polo TSX de Madrid na que se declara a nulidade do artigo 72.b) dos Estatutos aprobados polo Consello Xeral, que establecía o sistema do repartición de cotas. Pese a iso o Comité executivo do Consello Xeral dos Colexios de Protésicos de España **segue incumprindo sistematicamente a devandita sentenza xudicial, que é firme.**

O Comité Executivo do Consello Xeral de Colexios de Protésicos de España segue incumprindo a meritada sentenza xudicial por canto a aprobación das contas e presupostos do Consello, teñen o seu fundamento no artigo 72.1.b) dos Estatutos, que foron anulados pola meritada sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Madrid de data 4 de xaneiro de 2.008.

Polo que se refire ao Consello Xeral, este iniciou unha reclamación a este Colexio, por medio das cales reclama unha cantidade de 215.000 euros por cotas colexiais impagadas por un importe que eles estiman sen base algunha.

Dende este Colexio, procedeuse á contestación á demanda, os argumentos principais da citada contestación foron os seguintes:

- Ausencia de fixación da cota: As cotas que indican saen en base a un número de colexiados. Non se lle facilitou relación da base de datos de colexiados.
- O Colexio é Consello Autonómico.
- Prescrición. Dentro deste argumento, considérase que tampouco poden reclamar os últimos cinco anos posto que ao reclamar o Consello, o Colexio nunca contestou, hai que presentar un prazo de reclamación por silencio.
- Hai caducidade da acción. Como moito poderían reclamar o último ano.

No proceso ditouse sentenza por medio da cal se estimaban parcialmente as alegacións realizadas dende o Colexio no seu escrito de contestación. Cabe indicar que tanto polo Colexio como polo Consello se interpuxo Recurso de Apelación perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia. Estimamos que sobre o mes de abril ou maio nos notificarán unha data para a celebración da vista do Xuízo.

Neste senso subliñar que o Colexio non se nega pero si discrepa da cantidade por non ter adoptado nin consensuado unha norma ou regra de cálculo equitativo, rigoroso nin certo ou fiable. Dito o cal, este Colexio, convén lembrar, que encargou e pagou un estudo de *“cálculo para determinación da cota colexial de aportación ao Consello Xeral”*, baseada en parámetros equitativos para tódolos colexios e comunidades autónomas; que nin tan sequera, o Consello Xeral se molestou en someter a debate en ningunha asemblea xeral das celebradas ata hoxe, senón todo ó contrario, perseguir, criminalizar e denunciar aos colexios disconformes con esa política, baseada nas pretensións de gasto e dietas dos seus dirixentes e persoal *“ad látere”* de celosa confianza.

En referencia ao Consello indicar que se ben este Colexio en cada Asemblea, emite un informe da meirande xestión realizada ao longo do último ano, polo que respecta ao Consello, fai caso omiso das normas básicas que regulan o funcionamento dunha corporación democrática de dereito público de base privada, a día de hoxe séguense incumprindo normas esenciais como as notificacións aos Colexios afectados dos acordos adoptados, o contido dos devanditos acordos é impreciso e, o que ten maior transcendencia, a transcripción daqueles á correspondente acta é irregular e tecnicamente deficiente, imposibilitando a súa execución ou impugnación por non expresar adecuadamente a declaración da vontade dos órganos corporativos.

Non existe a dación de contas dos acordos adoptados polo Comité Executivo dando lugar a ámbitos de decisión fora do control da Asemblea Xeral e dos Colexios territoriais Este particular *“modus operandi,”* leva un grave e inadmisíbel nivel de inseguridade xurídica, é dicir, reduce as garantías xurídicas tanto dos Colexios territoriais como do conxunto de colexiados.

Expresión do seu actual estado interno e a modo de exemplo, o Consello, despois de máis de quince anos aínda réxese polos seus Estatutos provisionais do 2002, e segue sen contar cos definitivos. Esta circunstancia non só supón o incumprimento do mandato deducido da disposición transitoria segunda da

Lei 2/2001, do 26 de marzo, senón que comporta unha manifesta carencia de visión do problema e de vontade para arranxalo e liquidalo.

En lugar de adecuarse ao funcionamento propio das institucións públicas dun Estado de dereito para o debate dos problemas esenciais da profesión na que se fragüe a unidade do noso colectivo profesional, o Consello Xeral serve para ventilar anexos conflitos e estar a disposición dunha visión particular, parcial e interesada da organización colexial e de profesión de protésico dental. Á actual maioría do Consello todo isto resúltalle unha cuestión menor e irrelevante que nada ten que ver nin coa problemática actual da implantación de novas tecnoloxías con suplantación e invasión de competencias que conleva á estrangulación da autonomía profesional do protésico dental hoxe e co futuro da nosa profesión e actividade profesional.

A pesar dos importantes esforzos realizados polo Colexio de Galicia para que o Consello Xeral sexa un verdadeiro órgano de debate e de deseño de iniciativas profesionais, lamentablemente segue situado á marxe das disposicións legais e regulamentarias que inspiran e rexen o seu funcionamento e, por tanto, está incapacitado para poder cumprir os fins e funcións que a Lei lle atribúe. Motivo polo cal, xunto coas ameazas e falta de respecto o Colexio de Galicia absténse de participar nesa comparsa. Evitándonos desprazamentos á capital e gastos innecesarios dos colexiados galegos.

Resulta alarmante comprobar como despois de case vinte anos de percorrido, o Consello segue sen ter pronunciamentos técnica e xuridicamente fundamentados sobre as materias que afectan o futuro dos profesionais colexiados e da sanidade bucodental.

Non existe posición algunha, nin foi promovido o debate, sobre materias tan sensibles como:

- 1) A creación de oficinas de calidade e garantías a pacientes/usuarios.
- 2) A ampliación, mellora e actualización dos ensinamentos básicos da especialidade de Técnico Superior en Prótese Dental.
- 3) A creación dun corpo de funcionarios de carreira de profesores técnicos de formación profesional;
- 4) A adopción de medidas para garantir a expedición e contido da prescrición;
- 5) O fomento entre os profesionais da sanidade buco dental da expedición directamente ao paciente da factura de fabricación da prótese e o estudo dun protocolo de relación con odontólogos e estomatólogos;
- 6) A adopción de medidas que garantan a obrigaición de colegiación previa ao comezo da actividade profesional;
- 7) A inclusión das próteses dentais dentro do réxime de ordenación das prestacións sanitarias do Sistema Nacional de Saúde;
- 8) A revisión crítica, das competencias profesionais previstas na normativa reguladora do Título de Técnico Superior en Próteses Dentais.
- 9) A adopción de medidas de cara ao establecemento dunha nova lexislación en relación ao auxe das novas técnicas e tecnoloxías tales como (tales como scanners, centros de mecanizado, fresado, sinterizado, etc..)

Sometida a votación polo Presidente, entre os asistentes sobre se se mantén a postura de non facer achegas ao Consello Xeral mentres non se resolvan os procedementos iniciados e se determine a cantidade que se debe aboar ao Consello, adóptase por unanimidade dos presentes o seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO: Continuar coa tónica marcada de non aboar cantidade ningunha, en tanto en canto non se resolvan os procedementos iniciados e se determine a cantidade que se debe aboar ao Consello Xeral de Colexios de Protésicos Dentais de España.

SEGUNDO: Facultar á Xunta de Goberno para que proceda á adopción de cantas accións legais consideren oportuno conforme a dereito atendendo ás actuacións levadas a cabo polo Consello Xeral de Colexios de Protésicos Dentais de España.

2º.- INFORME DE XESTIÓN DA XUNTA DE GOBERNO DAS ACTUACIÓNS LEVADAS A CABO NO ANO 2017.

Por parte do Sr. Presidente procédese a dar lectura ao Informe de Xestión correspondente ao exercicio 2017.

Finalizada a lectura do informe, o Sr. Presidente pregunta se algún Colexiado desexa realizar algunha outra intervención, non realizándose ningunha intervención ou pregunta sobre este.

6º.- ROGOS E PREGUNTAS.

Dª. Naría Jesús Feijoo Villanueva (nº 194) indica que no caso de que a sentenza salga desfavorable, quere saber se hai algunha previsión feita a favor do Consello Xeral.

Polos servizos xurídicos do Colexio, infórmasele de que facer a previsión significa recoñecer unha débeda que se considera que non se debe. Habería que chegar a un acordo negociando sobre a forma e pagos en cuestión. Engádese que o Colexio non pode recoñecer débeda algunha porque ese importe non se corresponde coa cota, co sistema de cotas establecido. A data de hoxe o único Colexio que ten unha estimación parcial fronte á reclamación efectuada polo Consello Xeral, é o Colexio de Galicia. Cando chegue o momento da sentenza intentarse chegar a un acordo de pago cun calendario de pagos. Aínda hai un percorrido como un posible Recurso de Casación preante o Tribunal Supremo, pero o consello é negociar un fraccionamento.

Alberto Jiménez Pereira (nº 94) pregunta se se podería ir enriba dos Colexiados. Respóndeselle que non, non se pode derivar a responsabilidade contra o Colexiado en ningún caso. Neste senso cómpre lembrar que se interpuxo polo Consello Xeral, unha querela criminal aos membros da Xunta de Goberno por apropiación indebida, pois estimaba o Consello Xeral que ao non abonar o Colexio nungunha cantidade éstes se estaban apropiado destas, a querela foi arquivada. O que fai a Xunta de Goberno ñe defender aos seus Colexiados e á profesión de protésico dental.

Polo Colexiado José Antonio Calvo Díaz (nº 32) pregúntase que este ano non como houbo superávit, por que non se fai un fondo de reserva. O Sr. Presidente informa, de que por ese motivo houbo unha subida da cota Colexial para ir facendo un fondo.

O Colexiado Luis Antonio Álvarez Rodríguez (nº 243) pregunta se se tipificou o importe que ten que aboar o Colexio como cota ao Consello. O Sr. Presidente indica que por parte do Consello non se da ningún tipo de información, que o Consello estableceu no seu momento una cota en base a un número de Colexiados e a un sistema que eles estimaban pero que o Colexio impugnou.

A Colexiada Dª. Luz Leyenda Rial (nº 515) pregunta se coa cota actual é asumible pagar a débeda ao Consello Xeral.

Respóndeselle que coa cota actual houbo 15.000 euros de superávit, se se negocia con eles un pago a dez anos poderíanse ter 150.000 euros. Hoxe en día, establécese unha cota de 1.600 euros e sería sumible polo Colexio coa cota mensual.

O Colexiado D. José Antonio Calvo Díaz (nº 32) pregunta en relación á xuntanza que se mantivo co Colexio de Hixienistas e o Consello Galego de odontólogos, que se falou nesa xuntanza en relación aos escáneres.

O Sr. Presidente responde que hai clínicas dentais que teñen escáneres e máquinas de fresado e que son máquinas que non poden ter pola incompatibilidade de ter interese o dentista na prótese dental.

O Colexiado D. José Antonio Calvo Díaz (nº 32) pregunta se se chegou a un acordo.

Respóndeselle que o van a someter a consulta e no lles farán chegar una contestación.

O Colexiado D. José Antonio Calvo Díaz (nº 32) pregunta se a visita a ZFX ten que ver con iso.

Respóndeselle que sí, que foi para observar o sistema de fabricación e de actuación nese laboratorio á hora de usar esas máquinas.

En relación aos centros de fresado indica que quen prescribe é o odontólogo, a manda ao centro de fresado, o centro de fresado ao laboratorio e este termina a prótese. A problemática é a quen se lle manda a declaración de conformidade e que ocorre coa peza dental se se rompe. Existe un problema e un baleiro legal.

Para rematar, o presidente informa que se está a preparar un documento para reunirse coa Consellería de Sanidade para tratar temas como o importe da taxa da licenza de fabricante de produtos sanitarios a medida, o requirimento da Colexiación para outorgar a licenza, así como do uso das novas tecnoloxías nas clínicas dentais.

E non sendo outro o obxecto da convocatoria nin habendo máis asuntos a acordar, polo Sr. Presidente, dáse por concluída a Sesión levantándose esta cando son as 13:10 horas do día da data, estendéndose a presente Acta que asina o Presidente co seu visto e praxe e eu Secretario dou fe.

V^opa
O PRESIDENTE

O Secretario

Asdo.: Avelino J. Sanmartín Caamaño

Asdo.: José Ramón Rey Álvarez